



Confederación Intersindical Galega  
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

## CONCURSOS

No día de onte constituíronse as Comisións de Valoración dos distintos concursos que saíran publicados no verán e que relacionamos a continuación:

- 2009 G 01 (Subgrupo C2)-Publicado no BOE do 1/7/09
- 2009 G 02 ( Subgrupo C1-A2)-Publicado no BOE do 24/07/09
- 2009 A 01 (Axentes Facenda Pública)-Publicado no BOE do 28/07/09
- 2009 A 01 (Subgrupo A2-CTH)-Publicado no BOE do 27/08/09

Nesta reunión informáronnos dos criterios que se utilizarán para a valoración do apartado correspondente á conciliación familiar (podedes velo no documento que achegamos coa nota informativa).Desde Xestión de Persoal afirman que o peso deste apartado respecto ao resto das puntuacións non chega ao 10%, e por tanto, non suporá un problema legal.Tamén se nos comunica da existencia dun informe de Función Pública sobre a baremación do apartado de conciliación, informe que esperamos se faga entrega á parte social nas vindeiras datas.

En canto aos prazos para a resolución dos concursos a AEAT insiste en que se resolverán o antes posible, comezando polo do subgrupo C2 do que é posible que xa teñamos os primeiros listados provisionais a próxima semana.

Unha cousa que se sinalou na reunión de onte é a intención da AEAT de non baixar as puntuacións mínimas en ningún caso, polo que quedarán excluídas aqueles participantes que non alcancen esa puntuación e que, segundo se nos indica, son moitos.A intención do concurso non é outra máis que consolidar exclusivamente aos propietarios das prazas.

Posteriormente á resolución do concurso do C2 irán o resto dos concursos, na mesma orde na que foron publicados ano BOE. A AEAT ten intención de resolvelos todos neste ano ( unha previsión demasiado optimista, ao noso entender...)

**SEGUIREMOS INFORMANDO**

**CIG-AEAT:**

**DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA**

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

**WWW.CIGAEAT.COM**